

## Máis de 2000 manifestantes polo Peche de Celulosas



Un ano máis a CGT de Pontevedra renovou o seu compromiso na defensa do medio ambiente, do traballo e a saúde e pola recuperación da Ría para o benestar dos veciños e veciñas de toda a comarca, participando na XVIII Marcha anual polo Peche do complexo ENCE-Elnosa na marisma de Lourizán. Na longa marcha de aproximadamente tres kilómetros, uns chegados desde Marín e outros desde a Alameda de Pontevedra, unhas dous mil persoas concentrámonos diante de Celulosas. Durante a marcha, a CGT repartiu uns mil panfletos nos que destacaba súa posición nesta longa loita contra a única empresa de Celulosa en todo o estado, condenada por delito ecolóxico.

Este é o texto repartido:

? O traballo crea riqueza. O capitalismo salvaxe a destrúe. En defensa do traballo e o disfrute social da riqueza: ENCE FORA DA RÍA

Un dos feitos máis importantes que diferencian á CGT de outras organizacións é que a CGT é un sindicato ?finalista?, cuxa actividade sindical ten o dobre obxectivo de, por unha banda, mellorar día a día as condicións laborais, económicas e sociais da clase traballadora e, por outra, lograr unha sociedade máis xusta que a actual, na que os bens da natureza e a riqueza colectivamente producida sexan por todos disfrutados, sen privilexios nin desigualdades, para deixar ós nosos fillos un mundo mellor do que herdamos.

Na CGT os traballadores, sexa cal fora a súa condición particular, unímonos para levar a cabo de xeito cotiá esa loita final. Por isto, na CGT a acción estritamente sindical nas empresas e a acción social e cívica en defensa da natureza, da saúde, da vivenda, da solidariedade social son só dos aspectos dunha mesma loita.

Esta é a razón de que sexa a CGT a única organización sindical que en Pontevedra convoca e participa cada ano, sen ambaxes, na esixencia do peche de ENCE en Lourizán

A construción do complexo industrial de Celulosas sobre o banco marisqueiro de Lourizán impuxo a perda de innumerables postos de traballo e a destrución da ría. ENCE contamina, atenta permanentemente contra a saúde dos traballadores, as súas familias e veciños de toda a Ría, destrúe delictivamente a riqueza marisqueira e pesqueira, empobrece o monte galego e asfixia económica e socialmente unha inmensa área de grandes posibilidades.

A CGT alenta ós traballadores e traballadoras pontevedreses para dicir xuntos que non toleraremos que a Ría ?a casa natural que compartimos cos nosos fillos, veciños e amigos- continúe a ser privatizada e contaminada pola presenza de ENCE.

Na CGT todas as decisións adóptanse na asemblea do sindicato, sen xefes nin burocracias; se declara libertaria e non autoritaria; federalista e non centralista; internacionalista, sen outra patria que a da clase traballadora e cuxo fin último e primeiro non é outro que a transformación da sociedade, para acabar coa inxustiza social, a discriminación económica e a explotación en calqueira das súas formas.

Se compartes con nós estes plantexamentos sindicais e sociais, necesitamos do teu compromiso. Afíliate á CGT para loitar xuntos, libres e solidariamente, contra este réxime social, político e económico que nos rouba e empobrece. Chama ó teléfono 627 791 645 ou ben escribe a [cgt@cgtpontevedra.com](mailto:cgt@cgtpontevedra.com)

Comité Local de Pontevedra da CGT, maio de 2013